

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE AGOSTO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/2038/2009.- Yagocasa, Sociedade Cooperativa Galega.- 22 vivendas unifamiliares pareadas no SUNP-25 de Roxos, na parcela R.1.1.

LIC/1223/2009.- Sociedade Cooperativa de Vivendas A Muíña.- Dous bloques para 99 vivendas de VPA, locais, garaxe e rochos nos bloques 8 e 9 do SUNP-5 de A Muíña.

APERTURAS.-

LAP/157/2005.- Antealtares, S. C.- Café-bar especial (PUB) en rúa San Paio de Antealtares nº 19 - Baixo. Informe e remisión á Consellería de Medio Ambiente e á Consellería de Xustiza e Interior.

6.- Aprobación inicial do Proxecto de normalización de predios na rúa de Amor Ruibal (Ponte Pedriña).

Apróbase inicialmente o devandito proxecto, que se someterá a audiencia de todos os propietarios e titulares das parcelas afectadas, durante o prazo de 20 días.

7.- Toma de coñecemento da Acta de ocupación de terreos propiedade de ADIF, necesarios para a execución do paso inferior Cornes-Hórreo, asinada o 22 de xullo de 2010; e posta a disposición do Ministerio de Fomento da parcela identificada na citada acta.

Tómase en coñecemento a devandita acta e ponse a disposición de Fomento da parcela, de 147 metros cadrados de superficie.

8.- Sinalamento de dous días de festa local para 2011.

Acórdase o devandito sinalamento

9.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao inicio da tramitación para a desafectación da Escola rural da Peregrina.

Iníciase o proceso de desafectación da Escola, polo que se procederá ao selado do edificio para evitar actos vandálicos e o acceso ao seu interior. Igualmente, estudarase a petición de cesión do seu uso á Asociación de Veciños Río Sarela.

10.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do convenio entre o Concello e o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar, para a xestión da escola infantil de Tras Parlamento.

Apróbase o devandito convenio.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Sanidade relativa á aprobación dun convenio entre o Concello e a Fundación Refuxio de Animais para 2010.

Apróbase o devandito convenio para o sostemento dos gastos de funcionamento, por un importe de 161.500 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha bonificación no imposto sobre bens inmobles.

Concédese unha bonificación neste imposto ao usuario dun inmovible.

13.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense sete exencións.

14.- Proposta dos concelleiros delegados de Seguridade Cidadá e Deportes, relativa á concesión do uso do estadio municipal de San Lázaro e de diversos polideportivos, por mor da Peregrinación Europea de Xóvenes 2010.

Concédese, con carácter gratuito, o uso do Estadio Municipal de San Lázaro para os labores de montaxe de dous actos previstos os días 7 e 8 de agosto. Ademais, concédese o uso dos seguintes polideportivos: Apóstolo Santiago (4 ao 8 de agosto), Colexio de Vite (5 ao 8 de agosto), Vite (6 ao 8 de agosto), Pío XII (6 ao 8 de agosto), Lorenzo de la Torre (5 ao 8 de agosto) e Quiroga Palacios (6 ao 8 de agosto). O total a aboar polo uso dos devanditos polideportivos será 9.578,40 euros.

15.- Expedientes en materia de contratación.

- Acórdase a contratación dun estudio diagnóstico sobre a previsible incidencia na ordenación dos núcleos rurais do PXOM de Santiago derivada da súa adaptación á Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2001, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia. Estímanse uns honorarios de 17.600 euros máis IVE e un prazo máximo de 5 meses para presentación do traballo final.

- Apróbbase a contratación das obras de mantemento dos paseos centrais do parque da Alameda, por importe de 33.199,30 euros.

- Adxudícase provisionalmente o contrato de prestación de servizo para a execución de verificacións do artigo 13 do regulamento 1828/2009 no marco do programa Urbana Santiago Norte á empresa AT Consultores & Auditores S.L., por importe de 35.400 euros (IVE incluído).

- Apróbanse os pregos de condicións e iníciase a contratación do Deseño, desenvolvemento, subministración e instalación dos recursos interpretativos e expositivos para a musealización do centro de interpretación do medio urbano e natural de Santiago de Compostela, cun tipo de licitación de 232.217,70 euros (IVE incluído).

- Elévase a definitiva a adxudicación da explotación da cafetería sita na Granxa do Xesto á empresa PENEDO GARCÍA Y OTRA, S.C., que aboará ao Concello un canon de 9.597,84 euros/ano (IVE incluído) e explotará a cafetería por un prazo de 3 anos, susceptible de prórroga.

- Elévase a definitiva a adxudicación do servizo de conservación e mantemento do parque de Salgueiriños, reservado a centros especiais de emprego, á empresa INTEGRO XARDINERÍA E MEDIO AMBIENTE S.L., por importe de 86.107,95 euros (IVE incluído).

- Apróbbase o prego de condicións e iníciase o procedemento de contratación da Prestación de servizo de desenvolvemento e adaptación da páxina web municipal a un novo xestor de contidos, establecéndose un tipo de licitación de 28.686,20 euros (IVE incluído).

- Apróbbase o prego de condicións e iníciase o expediente de contratación das obras de acondicionamento dos accesos ao Parque de Vista Alegre, cun tipo de licitación de 123.041,03 euros (IVE incluído).

16.- Proposta da concelleira delegada de Circulación Viaria relativa ao sinalamento dos barrios obxecto do establecemento de áreas reservadas a estacionamento de residentes.

Apróbbase a devandita proposta.

17.- Escrito da Deputación Provincial de A Coruña relativo á falta de motivación no acordo da sesión de 6.7.2010, de solicitude de prórroga do prazo para presentación da documentación para a adxudicación das obras no POS 2010.

Acórdase solicitar á Deputación da Coruña unha prórroga do prazo para a presentación da documentación relativa á adxudicación de todas as obras que o Concello ten incluídas no POS 2010.

19.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela para o programa VAGALUME.

Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 20.000 euros.

20.- Dar conta do protocolo de colaboración entre o Concello e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para a tramitación das solicitudes de novo ingreso e matrícula na escola infantil municipal de Tras Parlamento.

Dáse conta deste protocolo.

21.- Dar conta do traslado da data da Acta de replanteo das obras do peche do Casco Histórico por sistema de lector de matrículas.

Dáse conta da devandita acta.

22.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Xunta de Galicia para realizar programas de prevención de drogodependencias e adicións sociais e comportamentais.

Dáse conta da adhesión a este convenio, por importe de 47.500 euros.

23.- Dar conta da sinatura da adhesión do Concello ao convenio entre a Consellería de Sanidade, o SERGAS e a FEGAMP para o programa de prestación de asistencia a drogodependencias a través dos Concellos que dispoñen de unidades asistenciais.

Dáse conta da sinatura deste convenio, polo que o Concello recibirá 617.268,20 euros.

24.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín para realizar actividades culturais.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio.

25.- Dar conta da concesión de subvencións ao Concello para a contratación de traballadores desempregados.

Dáse conta da concesión da concesión de diversas subvencións pola Consellería de Traballo e Benestar, por un importe máximo de 577.910,16 euros, para a contratación de 38 traballadores en diversas áreas do Concello.

26.- Dar conta da concesión ao Concello dunha subvención pola Deputación Provincial de A Coruña para o mantemento da Escola municipal de Música.

Dáse conta da concesión dunha subvención de 9.515 euros.

27.- Dar conta da realización do programa COMPOSTELA ACTIVA para 2010, e xeración de crédito correspondente.

Dáse conta da concesión dunha subvención da Deputación da Coruña de 44.965 euros para a realización do devandito programa.

URXENCIAS

1.- Adxudícase provisionalmente o proxecto de reposición de beirarrúas do Concello de Santiago á empresa ALCOMTE GALICIA, S.L.

2. Comprométese a asunción por parte do Concello da regularización orzamentaria precisa que reflicta o incremento da aportación municipal resultante de aplicar ao proxecto aprobado para a realización e financiamento das obras de remodelación do mercado de abastos un IVE do 18%.

3.- Dáse conta da sinatura do convenio coa Deputación da Coruña para ao financiamento da obra do proxecto de herba artificial en San Lázaro e para o saneamento e bombeo en Rochiña (Son de Abaixo), polos que a Deputación achega, respectivamente, 340.000 e 169.301,40 euros.